



VII – COMO NOS ORGANIZAMOS? Traballando en equipo: dinámicas de traballo cooperativo

Para poder desenvolver o noso proxecto de investigación na aula deberemos planificar unha serie de aspectos relacionados coa organización do traballo no mesmo. Neste senso deberemos considerar, xa desde antes de iniciarse o noso proxecto de investigación que tipo de organización imos empregar tanto no traballo por parte do alumnado como á hora de desenvolver o propio proxecto en si.

Consideramos que a organización máis axeitada para este tipo de tarefa, na que ten un papel relevante o traballo en grupo, sería aquela baseada en técnicas e dinámicas de “**traballo cooperativo**”, que serán sobre as que basearemos as reflexións no presente documento.

1.- Organización do traballo en equipo:

En relación ó emprego dos **principios do traballo colaborativo na posta en práctica dun proxecto de traballo** na nosa aula para a **organización do traballo en equipo**, consideramos que é interesante ter en conta os seguintes aspectos:

- Se xa temos organizada a aula por equipos colaborativos deberemos empregar os mesmos no desenvolvemento do proxecto (coas súas funcións e organización interna)
- Se non temos organizada a aula por equipos cooperativos sería interesante comezar a facelo a través dos proxectos de traballo.
- Os equipos deberán ter, seguindo as recomendacións do traballo cooperativo, de catro compoñentes (de ser posible)
- Consideramos máis beneficioso manter os mesmos equipos cooperativos e os seus compoñentes, alomenos ó longo de toda a duración do proxecto, (nas dinámica cooperativas recomentan mantelos ó longo de todo o curso), de xeito que se teña tempo dentro do equipo para solucionar os problemas de comunicación e para adquirir diferentes estratexias comunicativas para que se cheguen a acordos e se traballe de forma efectivamente cooperativa (e non só en equipo), no que cada quen aporte ó resultado final.
- Debemos facer que se estableza, de xeito acordado dentro do equipo, as funcións ou roles de cada un no mesmo (secretario, encargado de material, portavoz...), establecéndose claramente as funcións e responsabilidades de cada un dentro do proxecto. Artellaremos tamén vías que permitan a rotación destes cargos dentro do grupo.
- Crearemos sistemas de rexistro (auto-avaliación) do funcionamento interno dos propios equipos (cadernos tipo, paneis con avaliación figuroanalóxica...). En todo caso cada equipo debe ser coñecedor de “que se lle pide” para acadar o nivel máximo en cada un dos apartados do rexisto, así como deberemos pedir que plantexen solucións para evitar os problemas xurdidos no futuro.
- A función do mestre e de ser guía, mediador e modelo para os equipos, aportando estratexias a cada un, cando así se considere, de xeito que se permita avanzar dentro do grupo para chegar a acordos e traballar cooperando. Deberemos ter coidado en on “actuar demasiado cedo” o grupo ten que discutir e tentar chegar a un acordo empregando as súas estratexias nese momento, para que se auto-avalíen en base ás mesmas, será posteriormente cando aportemos modificacións ás súas estratexias para que “en futuras ocasións”, as inclúan e obteñan un resultado mellor na súa autoavaliación.
- Asignar un lugar de traballo fixo para o traballo de cada equipo na aula, pode axudar, sobre todo nos primeiros momentos e co alumnado de menor idade, a aumentar o sentimento de pertenza e correponsabilidade co resto de integrandtes do seu grupo.



Deberíamos ter establecidos os equipos e funcións dos mesmos antes de comezar o proxecto, xa que nos permitirá empregar as dinámicas de traballo cooperativo como técnicas das diferentes fases previas do proxecto.

Consideramos interesante plasmar no mural da investigación (ou técnica análoga que esteamos a empregar) que equipos existen, os seus membros e funcións, de xeito que se aumente o sentimento de responsabilidade como "co-autores" do proxecto a desenvolver.

Remitímonos á información relacionada sobre o traballo cooperativo existente nos diferentes programas, para máis detalles ó respecto.

Podemos optar por calquer outro tipo de organización, sempre e cando non esquezamos o papel relevante, como eixo vertebrador, que ten que ter o traballo en grupo no desenvolvemento do proxecto de traballo.

2.- Organización do traballo dentro do proxecto:

Ademáis de establecer algún tipo de organización dos diferentes grupos para o traballo durante o desenvolvemento do proxecto, establecemos tamén a necesidade de artellar os seguintes elementos organizativos, relacionados coa organización do propio traballo a desenvolver no mesmo:

- Organizar e acordar como se levará a cabo a creación do produto final relevante (de forma paralela ó proxecto ou ó final).
- Organizar, acordar e establecer un plan de traballo co alumnado: tempos e lugares previstos para a investigación, decisión sobre que parte da investigación levará a cabo cada equipo, como organizaremos as fontes de información, etc...
- Organizar a orde en que imos investigar cada pregunta, cando o faremos e de que xeito (que preguntas deixamos para unha saída, para cales pediremos información ós restantes compañeiros...) moitas veces estas decisións serán acordadas polo grupo como resultado de analizar as diferentes fontes de información dispoñibles, e os aspectos nos que hai carencias ó respecto.
- Organizar a forma en que cada equipo fará partícipes ó resto dos equipos dos descubrimentos feitos polo seu equipo.
- Organizar como como plasmaremos os resultados resultados: cando o plasmaremos no mural, quen o fará (cada equipo que investigue), como e cando elaboraremos o dossier.
- Podemos tamén organizar tamén, pero sen esquecer que ó relevante é o traballo en grupo, actividades e tarefas en gran grupo e individuais ó longo de todo o proceso (ver documento sobre a fase de investigación)
- Organización da participación do grupo-aula e dos diferentes grupos, nun produto final de centro no caso de existir, de xeito que se acorden as diferentes funcións e aportacións ó mesmo.

Se ben en algúnhas das anteriores indicacións ó papel do mestre é máis relevante, o alumnado debería se sempre coñecedor da organización establecida e debería ter voz para propoñer, de forma razoada, as modificacións que considere oportunas.

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)



PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO “Proxectos de traballo” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014